

ANEXO:
PROGRAMA DE ACTIVIDADES

Programa sábado 15 y domingo 16 de septiembre

Actividades para público de todas las edades

CONCURSOS. Concurso de cohetes de agua el sábado a las 16h. Ven a fabricar y probar tu cohete de agua. Compite con otros concursantes y prueba tus habilidades como diseñador y lanzador de cohetes de agua.

ESPECTÁCULOS DE CIENCIA. La ciencia en clave de show. Todos los públicos. Espacio limitado.

CAFÉ CIENTÍFICO. Ven a compartir un café con científicos que te mostrarán como la ciencia forma parte importante de tu vida. A partir de 14 años. Espacio limitado. Sábado 15 y domingo 16 a las 12 h.

ESCAPE ROOM. Descubre las pista ocultas que hemos escondido. Conviértete en un auténtico investigador y podrás ser liberado de la habitación del pánico que te hemos preparado.

OPEN SCIENCE XOVE. Jóvenes investigadores de diferentes países te sorprenderán con sus proyectos. Todos los públicos. Sábado de 12 a 20h y domingo de 10 a 14h.

OPEN SCIENCE DIVULGA. Los mejores divulgadores se dan cita en nuestra feria de ciencia para mostrar sus talleres, demostraciones y experiencias más atractivas.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVICIO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



Número: 61/2018

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CAMBRE PARA COFINANCIAR E COORGANIZAR A I FEIRA DA CIENCIA ABERTA QUE TERÁ LUGAR OS DÍAS 14, 15 E 16 DE SETEMBRO DE 2018.

Na Coruña, a catorce de setembro de dous mil dezaoto

REUNIDOS

Dunha parte, D. Valentín González Formoso Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte D.Ramón Boga Moscoso, con DNI nº 36 751 337-G concelleiro da área de Xuventude, Turismo e Patrimonio do Concello de Cambre, por Resolución de Alcaldía núm. 1841/2016, de data 18 de novembro.

MANIFESTAN

PRIMEIRO.- Que a I Feira da Ciencia Aberta é un evento que ten como obxectivo achegar a ciencia á sociedade e poñer en contacto a docentes, investigadores e responsables, e incluíra concursos para xoves investigadores, desafíos para o público e espectáculos científicos para todos; así como unha oportunidade de reforzar o coñecemento e a divulgación científica entre as nenas e nenos da provincia da Coruña, tal e como demanda o mercado laboral Europeo. Así se recolle no programa de actividades que se engade como Anexo.

SEGUNDO.- Que a Deputación da Coruña, é unha entidade de dereito local, que ten, entre outros fins, o fomento dos intereses da provincia, e os temas vencellados co eido local e a formación nos mesmos.

TERCEIRO.- Que o Concello de Cambre e a Deputación Provincial consideran necesario formalizar un convenio de colaboración interadministrativo. Que ambas partes se recoñecen mutua capacidade para a subscripción do presente convenio conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto do presente convenio é regular as bases da colaboración entre o Concello de Cambre e a Deputación de A Coruña, o cofinanciamento e a coorganización da I Feira de Ciencia Aberta, na que participarán estudantes de varios países europeos que se vai celebrar no Concello de Cambre os días 14, 15 e 16 de setembro de 2018, de cuxo fin é achegar a ciencia a toda a cidadanía.

SEGUNDA.-ORZAMENTO DAS ACTIVIDADES O Concello de Cambre, en aplicación deste convenio comprométese a través de medios propios e outros medios de financiamento, da organización e dirección da Feira :

Jaimas e carpas:		12.000,00 euros
Electricidade e son:		8.900,00 euros
Xantar diario (2 días) e cea 2ª noite:	3.600,00+2.100,00:	5.700,00 euros
Baños públicos+limpeza dos mesmos:		650,00 euros
Actividades:		1.500,00 euros
Persoal:		2.000,00 euros
Seguridade nocturna:		800,00 euros
Permisos:		400,00 euros
Auga:		300,00 euros
Roll up's:		1.200,00 euros
Varios:		2.500,00 euros
Orzamento total:		35.950,00 euros

TERCEIRA.-FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

A Deputación da Coruña como entidade coorganizadora da Feira comprométase a facilitar ao Concello de Cambre os seguintes servizos:

A. CESIÓN DE USO DO PAZO DE MARIÑÁN E DO SERVIZO DE IMPRENTA PROVINCIAL

A Deputación Provincial da Coruña, cederá o uso do Pazo de Mariñán e da Imprenta Provincial nos seguintes termos:

A.1. Cesión de uso do Pazo de Mariñán para 36 profesores participantes do evento, en réxime de aloxamento e almorzo, os días 14, 15 e 16, conforme ao seguinte desglose:

VENRES	14/09/2018	—	DORMIR :36 aloxados
SÁBADO	15/09/2018	ALMORZO: 36 aloxados	DORMIR: 36 aloxados
DOMINGO	16/09/2018	ALMORZO: 36 aloxados	—

A previsión do gasto ascende á cantidade de **3.282,84 € (IVA incluído)**, consonte ao establecido na ordenanza nº 14 Reguladora do Prezo público do Pazo de Mariñán, publicada no BOP nº 238, de 16 de decembro de 2013.

A.2. Autorizar á Imprenta Provincial para a maquetación, edición e impresión do seguinte material:

- Carteis tamaño 50x70cm, cunha tirada de 100 exemplares.
- Carteis tamaño A3, cunha tirada de 200 exemplares.
- Carteis tamaño A4, cunha tirada de 300 exemplares.
- Programa de man tamaño A5, cunha tirada de 3.500 exemplares.
- Diplomas tamaño A4, cunha tirada de 300 exemplares.
- Acreditacións staff e participantes tamaño 8,5x12,4cm, cunha tirada de 400 exemplares.

Orzamento máximo de 1.300,00 euros.

Por Resolución de Presidencia número 25009 de 17 de xullo de 2018, autorízase á Imprenta Provincial a elaboración do traballo solicitado para este evento.

B. CONTRATACIÓN E LICITACIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE E A ELABORACIÓN DE CAMISETAS PARA O EVENTO.

A Deputación provincial da Coruña licitará a contratación do servizo de transporte dos aloxados no Pazo e a contratación da elaboración de camisetas para o evento.

B.1. Licitación e contratación da elaboración de 500 camisetas para o evento

- 400 para participantes e
- 100 para organización),

Orzamento máximo de 2.934,25 euros.

B.2. Contratación do servizo de transporte para o profesorado participante no evento

- 36 usuarios
- Traxecto: entre o Pazo de Mariñán e Cambre
- Calendario:

Venres 14 setembro

19:00 Recollida en Cambre para traslado o Pazo de Mariñán.

20:00 Recollida no Pazo de Mariñán

22:00 Recollida en Cambre para traslado ao Pazo de Mariñán.

Sábado 15 setembro

9:30 Recollida no Pazo de Mariñán para traslado a Cambre (Vila).

20:00 Recollida en Cambre para traslado ao Pazo de Mariñán.

21:30 Recollida no Pazo de Mariñán para traslado a Restaurante Flor del Río (Polígono Espiritu Santo, Cambre)

23:45 Recollida en Restaurante Flor del Río (Polígono Espiritu Santo, Cambre) para traslado ao Pazo de Mariñán.

Domingo 16 de setembro

9:30 Recollida no Pazo de Mariñán para traslado a Cambre (Vila).

Orzamento máximo de 1.139,55 euros.

O importe que resulta da contratación dos servizos antes citados, ascende a un total de **4.073,80 euros**, que poderá facerse efectivo con cargo á partida orzamentaria 0013/92001/22601.

O importe total de financiamento provincial, tendo en conta as contratacións e licitacións antes citadas, e o uso dos medios propios da Deputación ascende a un total de **8.656,64 euros**.

Os gastos que superen o importe citado serán aboados polo Concello de Cambre despois da realización da correspondente liquidación por parte da Deputación Provincial da Coruña.

CUARTA.- Para o seguimento de control do cumprimento do presente convenio constituirase unha comisión integrada por un representante de cada unha das institucións asinantes.

QUINTA.- PUBLICIDADE DA COLABORACIÓN. A imaxe corporativa do evento e todos os materiais promocionais deberán incorporar a imaxe institucional da Deputación provincial da Coruña como entidade colaboradora, que deberán ser acordados coa Deputación e que poderán consistir en publicidade activa mediante paneis fixos, carteis, trípticos, camisetas, cuñas radiofónicas, páxinas web, notas de prensa e calesqueira medios a través dos cales se propague información da actividade. O incumprimento das obrigas de publicidade derivadas do presente convenio dará lugar a súa resolución.

SEXTA.- A vixencia do presente convenio será dende o día da súa sinatura ate o **30 de novembro de 2018**, data sen prexuízo de prorrogar o dito período en virtude de causa debidamente xustificada.

SÉTIMA.- A resolución dos conflitos que puideran xurdir con motivo do presente convenio corresponderán á xurisdición contencioso-administrativa. Para a resolución das dúbidas ou lagoas que puidesen xurdir na súa interpretación estarase ao disposto na Lei 9/2007 de 8 de novembro de contratos do sector público.

OITAVA.- Son cláusulas de resolución do presente convenio:

* O seu incumprimento total ou parcial.

*O transcurso do tempo estipulado sen que se cumpran os obxectivos previstos, agás causa debidamente xustificada.

* O incumprimento das obrigas establecidas na cláusula QUINTA.

* Por acordo mutuo entre o Concello de Cambre e a Deputación Provincial da Coruña.

Faise constar que a través de Resolución da presidencia 25599 de 23 de xullo de 2018, apróbase a participación da Deputación como coorganizadora da actividade.

Así mesmo, faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de presidencia 30722 do día 14 de setembro de 2018

E en proba de conformidade asinan o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O CONCELEIRO DA ÁREA DE XUVENTUDE,
TURISMO E PATRIMONIO DO CONCELLO DE
CAMBRE

Asdo.: Valentín González Formoso

Asdo.: Ramón Boga Moscoso

SECRETARIO XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo.: José Luis Almau Supervía